Dozón Turismo

dozonturismo.gal

MUIÑO (CUBELA RIAZÓ)



Dozón (Santa María)

42.57895, -8.03306

O de Riazó é un interesante muíño existente no camiño que une as aldeas de Riazó e Diz. A súa importancia queda clara polo feito de que dá nome ó río que pasa ó seu carón, o Rego da Cubela. Unha cubela é unha parte do muíño, en concreto o recipiente que acumula auga antes de entrar no rodicio para asegurar unha forza motriz e unha cantidade hídricas suficientes para facer virar as súas moas. Este tipo de muíños, chamados "de cubo" (sendo cubela un diminutivo debido á menor dimensión do vaso), serven para aproveitar regatos con caudal escaso e irregular, emprazándose en lugares en costa, con importantes desniveis do terreo, na marxe encaixada dos regatos, que así facilitan o desvío do curso hídrico natural mediante un cano chamado levada. Este remata na cubela, que se atopa emprazada na parte alta do muíño. Acumulada a auga, só queda abrir a biqueira, peza de madeira que impide o paso da corrente. Deste xeito conseguirase a forza necesaria para mover as pas do rodicio e a vara, que transmitirá o seu virar ata as moas. O muíño de Riazó, dunha soa pedra, atópase moi ben conservado, sendo posible ver o seu inferno, o rodicio e a citada vara, así o como o pousafoles, incrustado na parede a carón da porta. Os muros do muíño compóñense de grandes perpiaños e cachotes de granito. O pinche do seu teito, feito a base de lousas e dunha soa auga, acada os 2,5 metros dende fóra, mentres a planta do tremiñado ten uns 20 metros cadrados de superficie.

XUNTA DE GALICIA galicia Xacobeo 21·22 GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA PESCA Y ALIMENTACIÓN FEADER Europa inviste no rural LEADER agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL